

ASPECTOS	4 EXCELENTE	3 SATISFACTORIO	2 BEN	1 INSUFICIENTE
Claridade e fluidez	A información enténdese moi ben. O volume, ritmo e a entoación son as adecuadas. A linguaxe empregada é a correcta.	A información enténdese ben. O volume, ritmo e a entoación son bos, aínda que hai algún erro. A linguaxe empregada é a axeitada.	A información enténdese. No volume, ritmo e entoación hai erros. A linguaxe empregada non sempre é a axeitada.	A información non se entende. No volume, ritmo e entoación hai moitos erros. A linguaxe empregada non é a axeitada.
Organización e coordinación do equipo	Hai unha boa organización da presentación de contidos. A orde de presentación é fluída e non hai momentos de dúbida e, no caso de habelos, resólvense de inmediato coa axuda do resto do equipo.	Hai unha boa organización da presentación de contidos. A orde de presentación é case sempre fluída e os momentos de dúbida resólvense coa axuda do resto do equipo.	A organización da presentación de contidos non é moi clara. Na presentación hai algún momento de dúbida que non é ben resolto.	A organización da presentación de contidos é difícil de seguir. Na presentación hai numerosos momentos de dúbida que non son ben resolto.
Interacción coa audiencia	Hai contacto visual coa audiencia. Modifícanse aspectos da presentación se é necesario segundo a reacción da audiencia (<i>voz máis alta se non escoitan ben, ritmo máis baixo se non seguen ben a presentación,...</i>). Respóndese ás preguntas de forma clara e coa información axeitada.	Hai contacto visual coa audiencia a maior parte do tempo. Modifícase algún aspecto da presentación se é necesario segundo a reacción da audiencia (<i>voz máis alta se non escoitan ben, ritmo máis baixo se non seguen ben a presentación,...</i>). Respóndese á maioría das preguntas de forma clara e coa información axeitada.	Hai pouco contacto visual coa audiencia. Non se modifican aspectos da presentación se é necesario segundo a reacción da audiencia (<i>voz máis alta se non escoitan ben, ritmo máis baixo se non seguen ben a presentación,...</i>). Respóndese á maioría das preguntas coa información axeitada.	Apenas hai contacto visual coa audiencia. Non se modifican aspectos da presentación aínda se é necesario segundo a reacción da audiencia (<i>voz máis alta se non escoitan ben, ritmo máis baixo se non seguen ben a presentación,...</i>). Non se responde ás preguntas coa información axeitada.

Interiorización dos contidos	As e os integrantes do grupo fan a exposición da súa parte sen momentos de dúbida.	As e os integrantes do grupo fan a exposición da súa parte cun momento puntual de dúbida, pero poden seguir coa presentación da súa parte.	As e os integrantes do grupo fan a exposición da súa parte con varios momentos de dúbida, pero poden seguir coa presentación da súa parte.	As e os integrantes do grupo fan a exposición da súa parte con varios momentos de dúbida, sen poder seguir coa presentación da súa parte.
Creatividade e atractivo visual	É un tríptico atractivo visualmente e invita á súa consulta. O seu deseño facilita a lectura e interpretación de toda a información.	É un tríptico atractivo visualmente e invita á súa consulta. O seu deseño facilita a lectura e interpretación de case toda a información.	É un tríptico pouco atractivo visualmente, pero aínda así invita á súa consulta. O seu deseño facilita a lectura e interpretación dalgunha información.	É un tríptico que non é atractivo visualmente e non invita á súa consulta. O seu deseño non facilita a lectura e interpretación da información.